



Tradución ao galego de Yolanda Castaño

PRAZA DE SAN MARCOS

Algo está pasando, pero non sei o que.
un peito expandindo e contraendo,
as paredes venosas constrinxindo, eses sucos, glándulas,
liberando un inmenso amargor sobre Zagreb.
así é como está o ceo nestes días: un pesadelo
sen un chisco de santidad. un bloc no que moitas cousas
foron e non foron debuxadas, o rumor
de millóns de pernas en movemento.
pesadelo, repiten voces, pesadelo
repites. raias afiadas polas que a chuvia
descende aos seus regos; unllas, seguramente unllas.
follas trezadas arredor dos pulsos, porque é outono e estas cousas
poden ocorrer sen que nada pase. hai auga fervendo
en potas. cans florecen en negro. todos os que se me achegan
achéganse a unha maldade roma: pesadelo, repito,
pesadelo, repiten. o ceo enteiro

aconchegouse na clavícula, e entre o puro ruído
ninguén pode escoitar ao outro. todo é novo, e todo é repugnante,
todo en Zagreb. ollos, pratos, cousas
a través das cales observamos aos outros. todo santo, todo cortante
todo cans, todo as nosas densas voces. o discurso
dunha cidade impaciente por morder, piñeiros, unha bandada, algo
no aire, baixo o solo, nas paredes; algo
enriba de nós e noutro sitio. algo está pasando,
non sei o que.

Marco Pogacar

POETAS NA CORTE D'EL REI SABIO



18 de febreiro de 2016 · Fundación Vicente Risco

Marko Pogacar naceu en 1984 na antiga cidade iugoslava de Split, actual Croacia. Licenciouse en Literatura Comparada e Historia pola Universidade de Zagreb. Poeta, ensaísta, narrador e crítico literario, é tamén editor da revista literaria Quorum, e do bisemanario Zarez sobre asuntos sociais e culturais. Foi batería dunha banda de post punk, e editor da antoloxía da Nova Lírica Croata publicada en 2014.

Foi galardoado con premios á súa obra poética, narrativa e ensaística. Ten tamén gozado de bolsas e residencias como as de Civitella Ranieri, Passa Porta, Kulturzentrum bei den Minoriten, Milo Dor, Brandenburger Tor, Internationales Haus der Autoren Graz, Literarische Colloquium Berlin, Récollets-Paris e Krokodil Belgrado entre outras e, ademais de participar en festivais e encontros literarios por todo o mundo, textos da súa autoría teñen aparecido publicados en máis de trinta linguas.

Autor do libro de relatos Bog neće pomoći (Deus non axudará), 2012, e de tres obras ensaísticas publicadas entre 2011 e 2013, o seu debut literario produciuse en 2006 con Pijavice nad Santa Cruzom (Tornados sobre Santa Cruz) que axiña foi aclamado pola crítica e galardoado coma o mellor poemario publicado no seu país por un autor menor de 35 anos. Seguironlle Poslanice običnim ljudima (Cartas á xente común) en 2007, Predmeti (Obxectos) en 2009 e Crna pokrajina (A rexión negra) en 2013, ademais das antoloxías e obras traducidas da súa obra que se publicaron en Viena (2010 e 2015), en Belgrado (2010, 2013 e 2015), en Barcelona (2010), en Skopje (2012), en Andalucía (2014) co título de La región negra (Valparaíso, 2014), en Ljubliana (2014) e en Bucarest (2015), e que veñen facendo del a figura máis representativa e puxante da nova literatura croata.

QUE É UNHA VISEIRA?

Unha viseira é unha categoría. unha expresión da tradición, unha liña que non ha de ser cruzada. a súa palabra nunca é rebatida: baixo a viseira adoita haber unha cabeza, unha casa, unha rara e prepotente nada. a cabeza, se é de vaca, perfórase cun estilete de aceiro. a vaca encadéase primeiro ás paredes húmidas dunha corte, e logo bátese nela ferozmente. o torrente de sangue é o sangue da patria. a patria que a vaca rumiando reclamara tanto tempo como propia. se a cabeza é de polo, féndese cun machado.

o polo é simplemente apañado, trasladado a outro sitio, colocado nun tallo de madeira e lévaselle o pescozo cunha coitelada rápida e fría. o polo berra por un intre, pero ninguén pode oílo. un coello sacrifícase coas propias e instruídas mans. o sangue queda no corpo e segue correndo co seu pasado sospeitoso. as orellas, polas que pendura dende a túa man, están en calma, coma se nada se escoitase no bosque, nada está pasando. o campo está en silencio. o país está en silencio. a patria fíltrase dende algures, e a xente vendima uvas. a calor é insoportable. que é unha viseira e que hai baixo unha viseira?

LUZ, ALGO POR CHEGAR

Como medio pexego
na súa dozura meridional.
coma cirolas, coma chícharos.
unha vaca muando
fôra da branca alianza de ósos.
fabas con tomate, os riles da terra,
carne para animais domésticos.
algo que fai leite
cando as estradas están lonxe
e o inverno é recto e severo.
Como peixe, carne picada, algo coma iso.
vivimos en silencio na escuridade dunha lata,
entón alguén levanta a tapa
e deixa entrar son e luz;
aí está: branca luz sospeitosa.

TÉCNICA DO POEMA

O primeiro presidente croata asasínase polo esquezo,
a súa xunta por mor de sopa demasiado quente e camareiros mortos
que agora os ignoran; mentres percorro a cidade na dirección
oposta á morte, mentres merco xornais, merco café
nun quiosco, escoito o meu encanto agresivo, o meu carácter suave
e a banda Haustor; un croata medio asasínase pola convivencia,
pola tolerancia, coa súa boca chea de neve: un vasto e lixeiro fume déitase
enriba del e lévao, xunta todo ese outono, o seu
escuro matutino, con auga que che sae polo pescozo,
auga, material e suave; a igrexa asasínase polas constantes citas a
Cristo, por amor, incondicional e duradeiro; un porco desaparece por si
mesmo, encóllese, volto un charco de respiración, unha presada de sangue
que corre
ante a experiencia; un poema asasínase con Drago Štambuk; unha nai,
como algúns detallados documentos describen; nada permanece nada
ese brillante sol abrasado.